



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de agosto de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, de xeito presencial e por videoconferencia (Sr. López Font), sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de agosto do ano dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral municipal, Sr. Escariz Couso e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(683).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(684).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZO PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO. EXPTE. 17497/332.

Dáse conta do informe-proposta do 28/082020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de área, pola titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020.
- Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19, modificado polo DL 8/2020, do 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Real Decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19.
- Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.
- Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ó sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-2019.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo por procedemento aberto, o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 12 de agosto de 2016 a XGL adxudicou a ESMUVIGO Sociedade Cooperativa Galega, o citado procedemento, por un prezo de 788.880 (IVE engadido), e un prazo de dous anos máis dúas prórrogas de un ano cada unha. O contrato formalizouse o día 2 de setembro de 2016 e comezou a súa execución ese mesmo día.

Terceiro.- En datas 19 de xullo de 2018 e 11 de xullo de 2019, a Xunta de Goberno Local aprobou sendas prórrogas deste contrato. A última rematará o vindeiro 1 de setembro de 2020.

Cuarto.- En data 15 de xaneiro de 2020, o concelleiro delegado de Educación e Xuventude resolveu o inicio dun novo contrato maior de servizos para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV) (expediente 23977-332). En data 20 de febreiro publicouse o anuncio de información previa deste contrato no Diario Oficial da Unión Europea.

Quinto.- A tramitación deste novo expediente veuse interrompida polos efectos da pandemia da Covid-19 e as medidas asociadas ao estado de alarma decretado polo RD 463/2020, de 14 de marzo de 2020, que na súa Disposición adicional 3ª, estableceu a suspensión dos prazos de todos os expedientes administrativos.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 17 de xullo de 2020, acordou aprobar o expediente de contratación do novo procedemento para a xestión da Escola Municipal de Música, expediente 23977-332, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Sétimo.-En data 23 de xullo de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo de presentación de ofertas o 19 de agosto de 2020.

Oitavo.- En data 21 de agosto de 2020 a Mesa de contratación do concello de Vigo procedeu a apertura dos sobres A "Documentación persoal" e B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" e neste intre solicitouse informe de valoración do sobre B o servizo xestor.

Noveno.- En data 25 de agosto de 2020, o servizo de Educación, ante a imposibilidade de ter adxudicado o novo contrato para a xestión da Escola Municipal antes de que remate o vixente, evacuou un trámite de audiencia ó contratista, solicitando a súa conformidade coa continuidade do contrato vixente nas mesmas condicións no período comprendido entre o día seguinte do seu remate previsto -2 de setembro de 2020-, ata a data de inicio do novo contrato. Na mesma

data, D. Augusto Rodríguez Cagiao, en nome e representación de ESMUVIGO S.C.G., manifestou a súa conformidade a continuidade do citado contrato.

Décimo.- En data 27 de agosto de 2020, o técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación, en ausencia da xefa do servizo de Educación, emite informe xustificando a necesidade da continuación da prestación deste servizo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato obxecto deste informe, réxese pola seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020.
- Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19, modificado polo DL 8/2020, do 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

-II-

Da finalización do prazo do contrato dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo (expediente 17497-332) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo



Concello de Vigo

Como se indicou nos antecedentes, o prazo do contrato dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo remata o día 1 de setembro de 2020.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da Xunta de Goberno local de data 17 de xullo de 2020, un novo expediente de contratación, co nº expediente 23977-332, que abrangue todas as prestacións obxecto deste contrato.

Na actualidade este expediente atópase pendente de informe de valoración do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor".

O servizo xestor, no referido informe de data 26 de agosto, indica que se considera oportuno continuar a prestación do contrato tramitado no expediente 23977-332 *por estar xa convocado o curso lectivo 2020-2021* e estímase como data para o inicio do novo contrato o 2 de novembro.

-III-

Necesidade da prestación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo ata a adxudicación do novo contrato

Sobre a necesidade de prestación do servizo informa o servizo xestor o seguinte:

"Nesta situación, na que se fai evidente que, aínda que moi avanzado (actualmente, fase de valoración de ofertas técnicas), o expediente do novo contrato non poderá estar resolto antes do día 2 de setembro, e ante o feito de que o novo curso 2020-2021 xa está convocado (expte 24417-332 "Convocatoria do curso 2020-2021 nas escolas municipais de música e artes escénicas", convocatoria na que se establece un período de solicitude -presencial e online- de prazas que abrangue desde o 22 de xuño ata o 7 de setembro), e que neste procedemento a empresa adxudicataria desenvolve un papel esencial, en colaboración co servizo de Educación, resulta de todo necesario que se poda manter a actividade da escola durante o mes de setembro (período no que se desenvolve o proceso de solicitude, probas, sorteos e matrícula nas escolas municipais de música e artes escénicas), habilitando o acordo que permita a continuidade do servizo polo período comprendido entre o 2 de setembro de 2020 e a data de inicio do novo contrato.

A maiores, o mantemento dos postos de traballo (suxeitos a subrogación) do persoal traballador das empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos de xestión, deberá ser tido en conta tamén á hora de valorar a necesidade e oportunidade desta continuidade do servizo, de xeito excepcional nestes contratos. A moi alta valoración do acceso a estes dispositivos municipais que fan as persoas usuarias, máis aínda nos tempos de crise sanitaria e social, como así mesmo fixo o goberno municipal (que os mantivo operativos na fase de confinamento, polo seu importante papel de apoio e integración psicosocial), son outros argumentos que inciden na necesidade de concretar esta continuidadea prórroga indicada".

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como se expuxo no fundamento xurídico II, non é posible formalizar o novo contrato na data prevista, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que a atrasen e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que suporía o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, necesítase buscar unha solución.

O artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionando o cumprimento de determinados requisitos. Dispón este artigo que “cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario”.

Este artigo resulta de aplicación o caso que nos ocupa en virtude do disposto no artigo 34.1 do RD-L 8/2020, que determina con respecto á prórroga que *“en aquellos contratos públicos de servicios y de suministros de prestación sucesiva, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación como consecuencia de la paralización de los procedimientos de contratación derivada de lo dispuesto en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, y no pudiera formalizarse el correspondiente nuevo contrato, podrá aplicarse lo previsto en el último párrafo del artículo 29.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, con independencia de la fecha de publicación de la licitación de dicho nuevo expediente”*.

Así, o citado artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionado á concorrencia dos seguintes requisitos:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.



Concello de Vigo

3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

O artigo 34.1 do RD permite excepcionar a concorrencia deste último requisito por mor da declaración do estado de alarma e a suspensión dos prazos administrativos o día 14 de marzo de 2020.

Neste caso publicouse o anuncio de información previa deste contrato no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de febreiro de 2020.

Vamos a analizar a continuación a concorrencia no caso que nos ocupa dos requisitos esixidos:

- 1.- A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

Compre dicir ó respecto que o novo contrato figuraba planificado no plan anual de contratación do Concello de Vigo aprobado por acordo da XGL de 27 de decembro de 2019, que o 15 de xaneiro de 2020 iniciouse a tramitación do expediente de contratación, e que en data 10 de marzo 2020 incorporouse o prego de cláusulas administrativas particulares, completándose así o expediente. En consecuencia podemos afirmar que este constaba de toda a documentación esixida polo artigo 117 LCSP antes da declaración do estado de alarma. E non esquezamos que á declaración do estado de alarma é un acontecemento imprevisible para o órgano de contratación. Tratase dunha situación absolutamente excepcional que ningún xestor público dilixente puido imaxinar que acontecese.

A tramitación do novo contrato foi iniciada por orde do concelleiro delegado de Educación e Xuventude 15 de xaneiro de 2020 (expediente 23977-332). A tramitación deste novo expediente veuse interrompida polos efectos da pandemia da Covid-19 e as medidas asociadas ao estado de alarma decretado polo RD 463/2020, de 14 de marzo de 2020, que na súa Disposición adicional 3ª, estableceu a suspensión dos prazos de todos os expedientes administrativos.

De feito tal e como indica o servizo xestor *“Durante a tramitación “ordinaria” do expediente redactáronse en prazo os pregos correspondentes: o 29/01/2020 o PPT, o 03/03/2020 a Memoria xustificativa, e o 10/03/2020 o PCAP. O parón provocado polas circunstancias descritas, a adaptación ao novo xeito de traballo non presencial, as dúbidas xurdidas, as modificacións que con posterioridade houbo que introducir na Memoria Xustificativa e no PCAP, entre outras razóns, conlevaron unha demora na aprobación do expediente de contratación, de xeito que esta non se produciu ata a sesión da XGL de data 17/07/2020”*.

No presente caso atopámonos nunha situación extraordinaria motivada pola declaración do estado de alarma polo RD 463/2020 para a cal os poderes legislativo e executivo ditaron unha normativa específica de aplicación preferente ós supostos de feito regulados pola mesma. Así o determina a Avogacía Xeral do Estado, na *“Consulta sobre la interpretación y aplicación del artículo 34 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo”*, de data 1 de abril de 2020. No apartado 2.6 do fundamento xurídico II di:

“2.6. Posibilidad de aplicar el artículo 29.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP). El penúltimo párrafo del artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020 se refiere a la posible aplicación del artículo 29.4 la LCSP. Este Centro Directivo ya ha dictaminado que dicho precepto puede aplicarse, durante el estado de alarma, a todos los contratos del sector público que se encuentren vigentes, incluidos los adjudicados bajo la vigencia del TRLCSP:

“Esta suspensión automática de los procedimientos de contratación en curso, derivada de la declaración del estado de alarma, puede comprometer la continuidad de la prestación de numerosos servicios o suministros. De ahí que el artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020, en su penúltimo párrafo, disponga que en los contratos públicos de servicios y de suministros de prestación sucesiva, cuando a su vencimiento no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación como consecuencia de la paralización de los procedimientos de contratación prevista en el Real Decreto 463/2020, y no pudiera formalizarse el nuevo contrato, podrá aplicarse lo previsto en el último párrafo del artículo 29.4 de la LCSP, y ello con independencia de la fecha de publicación de la licitación de dicho nuevo expediente. Se flexibiliza, como se ha indicado, el régimen sustantivo del artículo 29.4 de la LCSP, en atención a las circunstancias excepcionales derivadas del estado de alarma.

Dado que se trata de una norma excepcional, dictada para hacer frente a una situación que también lo es, y teniendo en cuenta que los perjuicios que se pretenden evitar son independientes de la fecha de adjudicación de los contratos vigentes y de la concreta normativa por la que éstos se rijan (TRLCSP o LCSP), ha de entenderse que el artículo 29.4, en los términos previstos en el penúltimo párrafo del artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020, resulta aplicable a todos los contratos de servicios o suministros de prestación sucesiva que se encuentren en vigor en la fecha de entrada en vigor del Real Decreto 463/2020, incluidos los que se adjudicaran bajo la vigencia del TRLCSP.”

2.- Que existan razones de interés público para no interrumpir a prestación obxecto do contrato.

Con relación ó segundo requisito, a existencia de motivos de interés público que esixan a continuidade do servizo, informa o servizo xestor a necesidade de continuar co contrato por canto xa está convocado o curso 2020-2021 da escola e aberto o prazo de matrícula. Resulta de interés para o Concello a promoción e desenvolvemento de actividades de formación en ámbitos artísticos con carácter afeccionado, á marxe da formación regrada, no marco da programación de actividades culturais para a cidadanía, polo que se precisa continuar prestando o servizo. Neste senso a lei impón ós municipios a obriga de exercer competencias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais (artigos 25.2.m da LBRL e 80.2.n da LALGA.

Á vista do exposto, a xuízo da informante, procede ampliar o prazo contractual consonte o disposto no artigo 29.4 da LCSP en relación co artigo 34.1 do RD-L 8/2020, condicionado ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.



Concello de Vigo

- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo e garantir a continuidade na prestación do mesmo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima que como período máximo de continuidade do servizo sería de dous meses.

Para facer fronte os gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que:

“O soporte económico para afrontar os custos desta prórroga terá que ser detraído do RC 42658 (operación contable realizada no expte 23977-332, do novo contrato, en trámite), estimándose unha contía necesaria equivalente a dúas mensualidades (35.858,18 euros/mes x 2 meses = 71.716,36 euros), como período estimado no que podería, como máximo, demorarse a resolución do novo contrato. No seguinte cadro, indícanse os datos básicos a efectos dos cambios contables que se preveen:

<i>Expte</i>	<i>Data aprobación gasto</i>	<i>Gasto retido para 2020</i>	<i>Nº RC</i>	<i>Gasto a minorar período 02/09-01/11/20</i>
<i>23977-332</i>	<i>XGL 17/07/20</i>	<i>162.360,88 €</i>	<i>42658</i>	<i>71.716,36 €</i>

No seu momento, e para a anualidade de 2024, haberá que modificar, pois, o gasto previsto para a execución do contrato”.

-VI-

Respecto do principio de libre concorrência

A adopción do acordo de continuidade do servizo non prexudica o principio de libre concorrência recollido no artigo 1 da LCSP e do TRLCSP por canto a continuidade limitarase ó tempo estritamente imprescindible para a formalización do novo contrato, o cal xa se atopa en fase de licitación, xa foron presentadas as ofertas e esta en fase de valoración da oferta técnica.

Se ben por seguridade xurídica se prevén dos meses, se o contrato se formaliza antes quedará sen efecto o presente acordo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- A continuidade da prestación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo (expediente 17497-332) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato (expediente 23977-332) e de acordo coa previsión de prazos recollida no informe do técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación, en ausencia da xefa do servizo de Educación, de 27 de agosto de 2020.

2º.- Anular parcialmente o gasto autorizado pola Xunta de Goberno local na sesión do 17 de xullo de 2020 para o ano 2020, RC nº 42658, para o expediente 23977-332 de acordo cos seguintes importes:

Gasto aprobado para 2020	162.360,88 €
Gasto a minorar no período entre o 2 de setembro e o 1 de novembro de 2020	71.716,36 €

3º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 17497-332, para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 2 de setembro ata o 2 de novembro de 2020 polo importe máximo de 71.716,36 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.99.02 "Escola municipal de música de Vigo" e á súa bolsa de vinculación.

4º.- Reaxustar as anualidades de gasto".

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(685).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZO PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL DE VIGO. EXPTE. 17498/332.

Dáse conta do informe-proposta do 28/082020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de área, pola titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020.
- Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19, modificado polo DL 8/2020, do 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Real Decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19.
- Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.
- Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ó sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-2019.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música folk e tradicional de Vigo por procedemento aberto, o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 12 de agosto de 2016 a XGL adxudicou a Galega de Recursos Educativos Avanzados (GREDA), S.L., o citado procedemento, por un prezo de 434.660 (IVE engadido), e un prazo de dous anos máis dúas prórrogas de un ano cada unha. O contrato formalizouse o día 2 de setembro de 2016 e comezou a súa execución ese mesmo día.

Terceiro.- En datas 19 de xullo de 2018 e 11 de xullo de 2019, a Xunta de Goberno Local aprobou sendas prórrogas deste contrato. A última rematará o vindeiro 1 de setembro de 2020.

Cuarto.- En data 21 de xaneiro de 2020, o concelleiro delegado de Educación e Xuventude resolveu o inicio dun novo contrato maior de servizos para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo (ETRAD) (expediente 23978-332). En data 20 de febreiro publicouse o anuncio de información previa deste contrato no Diario Oficial da Unión Europea.

Quinto.- A tramitación deste novo expediente veuse interrompida polos efectos da pandemia da Covid-19 e as medidas asociadas ao estado de alarma decretado polo RD 463/2020, de 14 de marzo de 2020, que na súa Disposición adicional 3ª, estableceu a suspensión dos prazos de todos os expedientes administrativos.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 17 de xullo de 2020, acordou aprobar o expediente de contratación do novo procedemento para a xestión da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional, expediente 23978-332, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Sétimo.- En data 24 de xullo de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e o 27 de xullo no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo de presentación de ofertas o 20 de agosto de 2020.

Oitavo.- En data 24 de agosto de 2020, o servizo de Educación, ante a imposibilidade de ter adxudicado o novo contrato para a xestión da Escola Municipal Folk e Tradicional antes de que remate o vixente, evacuou un trámite de audiencia ó contratista, solicitando a súa conformidade coa continuidade do contrato vixente nas mesmas condicións no período comprendido entre o día seguinte do seu remate previsto -2 de setembro de 2020-, ata a data de inicio do novo contrato. Na mesma data, D. Xaquín Xesteira Losada, en nome e representación de Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L., manifestou a súa conformidade a continuidade do citado contrato.

Noveno.- En data 27 de agosto de 2020, o técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación, en ausencia da xefa do servizo de Educación, emite informe xustificando a necesidade da continuación da prestación deste servizo.

Décimo.- En data 27 de agosto de 2020 a Mesa de contratación do concello de Vigo procedeu a apertura do sobre A "Documentación persoal" e acordou requirir a subsanación da mesma ó único licitador presentado.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato obxecto deste informe, réxese pola seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020.
- Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19, modificado polo DL 8/2020, do 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

-II-

Da finalización do prazo do contrato dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música Folk e Tradicional de Vigo (expediente 17498-332) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo

Como se indicou nos antecedentes, o prazo do contrato dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música Folk e Tradicional de Vigo remata o día 1 de setembro de 2020.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da Xunta de Goberno local de data 17 de xullo de 2020, un novo expediente de contratación, co nº expediente 23978-332, que abrangue todas as prestacións obxecto deste contrato.

Na actualidade este expediente atópase pendente de informe de valoración do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor".

O servizo xestor, no referido informe de data 26 de agosto, indica que se considera oportuno continuar a prestación do contrato tramitado no expediente 23978-332 *por estar xa convocado o curso lectivo 2020-2021* e estímase como data para o inicio do novo contrato o 2 de novembro.

-III-

Necesidade da prestación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música Folk e Tradicional de Vigo ata a adxudicación do novo contrato

Sobre a necesidade de prestación do servizo informa o servizo xestor o seguinte:

“Nesta situación, na que se fai evidente que, aínda que moi avanzado (actualmente, fase de valoración de ofertas técnicas), o expediente do novo contrato non poderá estar resolto antes do día 2 de setembro, e ante o feito de que o novo curso 2020-2021 xa está convocado (expte 24417-332 “Convocatoria do curso 2020-2021 nas escolas municipais de música e artes escénicas”, convocatoria na que se establece un período de solicitude -presencial e online- de prazas que abrangue desde o 22 de xuño ata o 7 de setembro), e que neste procedemento a empresa adxudicataria desenvolve un papel esencial, en colaboración co servizo de Educación, resulta de todo necesario que se poda manter a actividade da escola durante o mes de setembro (período no que se desenvolve o proceso de solicitude, probas, sorteos e matrícula nas escolas municipais de música e artes escénicas), habilitando o acordo que permita a continuidade do servizo polo período comprendido entre o 2 de setembro de 2020 e a data de inicio do novo contrato.

A maiores, o mantemento dos postos de traballo (suxeitos a subrogación) do persoal traballador das empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos de xestión, deberá ser tido en conta tamén á hora de valorar a necesidade e oportunidade desta continuidade do servizo, de xeito excepcional nestes contratos. A moi alta valoración do acceso a estes dispositivos municipais que fan as persoas usuarias, máis aínda nos tempos de crise sanitaria e social, como así mesmo fixo o goberno municipal (que os mantivo operativos na fase de confinamento, polo seu importante papel de apoio e integración psicosocial), son outros argumentos que inciden na necesidade de concretar esta continuidade do servizo”.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como se expuxo no fundamento xurídico II, non é posible formalizar o novo contrato na data prevista, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que a atrasen e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa



Concello de Vigo

antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que suporía o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, necesítase buscar unha solución.

O artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionando o cumprimento de determinados requisitos. Dispón este artigo que “cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario”.

Este artigo resulta de aplicación o caso que nos ocupa en virtude do disposto no artigo 34.1 do RD-L 8/2020, que determina con respecto á prórroga que *“en aquellos contratos públicos de servicios y de suministros de prestación sucesiva, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación como consecuencia de la paralización de los procedimientos de contratación derivada de lo dispuesto en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, y no pudiera formalizarse el correspondiente nuevo contrato, podrá aplicarse lo previsto en el último párrafo del artículo 29.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, con independencia de la fecha de publicación de la licitación de dicho nuevo expediente”*.

Así, o citado artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionado á concorrencia dos seguintes requisitos:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

O artigo 34.1 do RD permite excepcionar a concorrencia deste último requisito por mor da declaración do estado de alarma e a suspensión dos prazos administrativos o día 14 de marzo de 2020.

Neste caso publicouse o anuncio de información previa deste contrato no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de febreiro de 2020.

Vamos a analizar a continuación a concorrencia no caso que nos ocupa dos requisitos esixidos:

1.- A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

Compre dicir ó respecto que o novo contrato figuraba planificado no plan anual de contratación do Concello de Vigo aprobado por acordo da XGL de 27 de decembro de 2019, que o 21 de xaneiro de 2020 iniciouse a tramitación do expediente de contratación, e que en data 10 de marzo 2020 incorporouse o prego de cláusulas administrativas particulares, completándose así o expediente. En consecuencia podemos afirmar que este constaba de toda a documentación esixida polo artigo 117 LCSP antes da declaración do estado de alarma. E non esquezamos que á declaración do estado de alarma é un acontecemento imprevisible para o órgano de contratación. Trátase dunha situación absolutamente excepcional que ningún xestor público dilixente puido imaxinar que acontecese.

A tramitación do novo contrato foi iniciada por orde do concelleiro delegado de Educación e Xuventude 21 de xaneiro de 2020 (expediente 23978-332). A tramitación deste novo expediente veuse interrompida polos efectos da pandemia da Covid-19 e as medidas asociadas ao estado de alarma decretado polo RD 463/2020, de 14 de marzo de 2020, que na súa Disposición adicional 3ª, estableceu a suspensión dos prazos de todos os expedientes administrativos.

De feito tal e como indica o servizo xestor *“Durante a tramitación “ordinaria” do expediente redactáronse en prazo os pregos correspondentes: o 17/02/2020 o PPT, o 03/03/2020 a Memoria xustificativa, e o 10/03/2020 o PCAP. O parón provocado polas circunstancias descritas, a adaptación ao novo xeito de traballo non presencial, as dúbidas xurdidas, as modificacións que con posterioridade houbo que introducir na Memoria Xustificativa e no PCAP, entre outras razóns, conlevaron unha demora na aprobación do expediente de contratación, de xeito que ésta non se produciu ata a sesión da XGL de data 17/07/2020.”*.

No presente caso atopámonos nunha situación extraordinaria motivada pola declaración do estado de alarma polo RD 463/2020 para a cal os poderes legislativo e executivo ditaron unha normativa específica de aplicación preferente ós supostos de feito regulados pola mesma. Así o determina a Avogacía Xeral do Estado, na “Consulta sobre la interpretación y aplicación del artículo 34 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo”, de data 1 de abril de 2020. No apartado 2.6 do fundamento xurídico II di:

“2.6. Posibilidad de aplicar el artículo 29.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP). El penúltimo párrafo del artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020 se refiere a la posible aplicación del artículo 29.4 la LCSP. Este Centro Directivo ya ha dictaminado que dicho precepto puede aplicarse, durante el estado de alarma, a todos los contratos del sector público que se encuentren vigentes, incluidos los adjudicados bajo la vigencia del TRLCSP:

“Esta suspensión automática de los procedimientos de contratación en curso, derivada de la declaración del estado de alarma, puede comprometer la continuidad de la prestación de numerosos servicios o suministros. De ahí que el artículo 34.1 del



Concello de Vigo

Real Decreto-ley 8/2020, en su penúltimo párrafo, disponga que en los contratos públicos de servicios y de suministros de prestación sucesiva, cuando a su vencimiento no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación como consecuencia de la paralización de los procedimientos de contratación prevista en el Real Decreto 463/2020, y non pudiera formalizarse el nuevo contrato, podrá aplicarse lo previsto en el último párrafo del artículo 29.4 de la LCSP, y ello con independencia de la fecha de publicación de la licitación de dicho nuevo expediente. Se flexibiliza, como se ha indicado, el régimen sustantivo del artículo 29.4 de la LCSP, en atención a las circunstancias excepcionales derivadas del estado de alarma.

Dado que se trata de una norma excepcional, dictada para hacer frente a una situación que también lo es, y teniendo en cuenta que los perjuicios que se pretenden evitar son independientes de la fecha de adjudicación de los contratos vigentes y de la concreta normativa por la que éstos se rijan (TRLCSP o LCSP), ha de entenderse que el artículo 29.4, en los términos previstos en el penúltimo párrafo del artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020, resulta aplicable a todos los contratos de servicios o suministros de prestación sucesiva que se encuentren en vigor en la fecha de entrada en vigor del Real Decreto 463/2020, incluidos los que se adjudicaran bajo la vigencia del TRLCSP.”

2.- Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

Con relación ó segundo requisito, a existencia de motivos de interese público que esixan a continuidade do servizo, informa o servizo xestor a necesidade de continuar co contrato por canto xa está convocado o curso 2020-2021 da escola e aberto o prazo de matrícula. Resulta de interese para o Concello a promoción e desenvolvemento de actividades de formación en ámbitos artísticos con carácter afeccionado, á marxe da formación regrada, no marco da programación de actividades culturais para a cidadanía, polo que se precisa continuar prestando o servizo. Neste senso a lei impón ós municipios a obriga de exercer competencias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais (artigos 25.2.m da LBRL e 80.2.n da LALGA.

Á vista do exposto, a xuízo da informante, procede ampliar o prazo contractual consonte o disposto no artigo 29.4 da LCSP en relación co artigo 34.1 do RD-L 8/2020, condicionado ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo e garantir a continuidade na prestación do mesmo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima que como período máximo de continuidade do servizo sería de dous meses.

Para facer fronte os gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que:

“O soporte económico para afrontar os custos desta prórroga terá que ser detraído do RC 42655 (operación contable realizada no expte 23978-332, do novo contrato, en trámite), estimándose unha contía necesaria equivalente a dúas mensualidades (19.757,27 euros/mes x 2 meses = 39.514,54 euros), como período estimado no que podería, como máximo, demorarse a resolución do novo contrato. No seguinte cadro, indícanse os datos básicos a efectos dos cambios contables que se preveen:

<i>Expte</i>	<i>Data aprobación gasto</i>	<i>Gasto retido para 2020</i>	<i>Nº RC</i>	<i>Gasto a minorar período 02/09-01/11/20</i>
23978-332	XGL 17/07/20	93.141,95 €	42655	39.514,54 €

No seu momento, e para a anualidade de 2024, haberá que modificar, pois, o gasto previsto para a execución do contrato”.

-VI-

Respecto do principio de libre concorrència

A adopción do acordo de continuidade do servizo non prexudica o principio de libre concorrència recollido no artigo 1 da LCSP e do TRLCSP por canto a continuidade limitarase ó tempo estritamente imprescindible para a formalización do novo contrato, o cal xa se atopa en fase de licitación, xa foron presentadas as ofertas e esta en trámite de subsanación da documentación persoal.

Se ben por seguridade xurídica se prevén dos meses, se o contrato se formaliza antes quedará sen efecto o presente acordo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).



Concello de Vigo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- A continuidade da prestación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música Folk e Tradicional de Vigo (expediente 17498-332) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato (expediente 23978-332) e de acordo coa previsión de prazos recollida no informe do técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación, en ausencia da xefa do servizo de Educación, de 27 de agosto de 2020.

2º.- Anular parcialmente o gasto autorizado pola Xunta de Goberno local na sesión do 17 de xullo de 2020 para o ano 2020, RC nº 42655, para o expediente 23978-332 de acordo cos seguintes importes:

Gasto aprobado para 2020	93.141,95 €
Gasto a minorar no período entre o 2 de setembro e o 1 de novembro de 2020	39.514,54 €

3º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 17498-332, para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 2 de setembro ata o 2 de novembro de 2020 polo importe máximo de 39.514,54 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.99.18 “Escola municipal de música folk e tradicional” e á súa bolsa de vinculación.

4º.- Reaxustar as anualidades de gasto”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(686).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZO PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DE VIGO. EXPTE. 17499/332.

Dáse conta do informe-proposta do 28/082020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de área, pola titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020.
- Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19, modificado polo DL 8/2020, do 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Real Decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19.
- Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.
- Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ó sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-2019.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de Danza de Vigo por procedemento aberto, o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 12 de agosto de 2016 a XGL adxudicou a D. Wenceslao Cabezas del Toro, o citado procedemento, por un prezo de 266.632,08 (IVE engadido), e un prazo de dous anos máis dúas prórrogas de un ano cada unha. O contrato formalizouse o día 2 de setembro de 2016 e comezou a súa execución ese mesmo día.



Concello de Vigo

Terceiro.- En datas 19 de xullo de 2018 e 11 de xullo de 2019, a Xunta de Goberno Local aprobou sendas prórrogas deste contrato. A última rematará o vindeiro 1 de setembro de 2020.

Cuarto.- En data 19 de xaneiro de 2020, o concelleiro delegado de Educación e Xuventude resolveu o inicio dun novo contrato maior de servizos para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza de Vigo (expediente 23979-332). En data 20 de febreiro publicouse o anuncio de información previa deste contrato no Diario Oficial da Unión Europea.

Quinto.- A tramitación deste novo expediente veuse interrompida polos efectos da pandemia da Covid-19 e as medidas asociadas ao estado de alarma decretado polo RD 463/2020, de 14 de marzo de 2020, que na súa Disposición adicional 3ª, estableceu a suspensión dos prazos de todos os expedientes administrativos.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 17 de xullo de 2020, acordou aprobar o expediente de contratación do novo procedemento para a xestión da Escola Municipal de Danza, expediente 23979-332, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Sétimo.- En data 23 de xullo de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo de presentación de ofertas o 19 de agosto de 2020.

Oitavo.- En data 21 de agosto de 2020 a Mesa de contratación do concello de Vigo procedeu a apertura dos sobres A “Documentación persoal” e B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e neste intre solicitouse informe de valoración do sobre B o servizo xestor.

Noveno.- En data 24 de agosto de 2020, o servizo de Educación, ante a imposibilidade de ter adjudicado o novo contrato para a xestión da Escola Municipal antes de que remate o vixente, evacuou un trámite de audiencia ó contratista, solicitando a súa conformidade coa continuidade do contrato vixente nas mesmas condicións no período comprendido entre o día seguinte do seu remate previsto -2 de setembro de 2020-, ata a data de inicio do novo contrato. Na mesma data, D. Wenceslao Cabezas del Toro manifestou a súa conformidade a continuidade do citado contrato.

Décimo.- En data 27 de agosto de 2020, o técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación, en ausencia da xefa do servizo de Educación, emite informe xustificando a necesidade da continuación da prestación deste servizo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas

administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato obxecto deste informe, réxese pola seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020.
- Real Decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder o impacto económico do COVID-19, modificado polo DL 8/2020, do 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

-II-

Da finalización do prazo do contrato dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de Danza de Vigo (expediente 17499-332) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo

Como se indicou nos antecedentes, o prazo do contrato dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música de Vigo remata o día 1 de setembro de 2020.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da Xunta de Goberno local de data 17 de xullo de 2020, un novo expediente de contratación, co nº expediente 23979-332, que abrangue todas as prestacións obxecto deste contrato.

Na actualidade este expediente atópase pendente de subsanación da documentación persoal do sobre A .

O servizo xestor, no referido informe de data 27 de agosto, indica que se considera oportuno continuar a prestación do contrato tramitado no expediente 23979-332 *por estar xa convocado o curso lectivo 2020-2021* e estímase como data para o inicio do novo contrato o 2 de novembro.

-III-



Concello de Vigo

Necesidade da prestación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de Danza de Vigo ata a adxudicación do novo contrato

Sobre a necesidade de prestación do servizo informa o servizo xestor o seguinte:

“Nesta situación, na que se fai evidente que, aínda que moi avanzado (actualmente, fase de valoración de ofertas técnicas), o expediente do novo contrato non poderá estar resolto antes do día 2 de setembro, e ante o feito de que o novo curso 2020-2021 xa está convocado (expte 24417-332 “Convocatoria do curso 2020-2021 nas escolas municipais de música e artes escénicas”, convocatoria na que se establece un período de solicitude -presencial e online- de prazas que abrangue desde o 22 de xuño ata o 7 de setembro), e que neste procedemento a empresa adxudicataria desenvolve un papel esencial, en colaboración co servizo de Educación, resulta de todo necesario que se poda manter a actividade da escola durante o mes de setembro (período no que se desenvolve o proceso de solicitude, probas, sorteos e matrícula nas escolas municipais de música e artes escénicas), habilitando o acordo que permita a continuidade do servizo polo período comprendido entre o 2 de setembro de 2020 e a data de inicio do novo contrato.

A maiores, o mantemento dos postos de traballo (suxeitos a subrogación) do persoal traballador das empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos de xestión, deberá ser tido en conta tamén á hora de valorar a necesidade e oportunidade desta continuidade do servizo, de xeito excepcional nestes contratos. A moi alta valoración do acceso a estes dispositivos municipais que fan as persoas usuarias, máis aínda nos tempos de crise sanitaria e social, como así mesmo fixo o goberno municipal (que os mantivo operativos na fase de confinamento, polo seu importante papel de apoio e integración psicosocial), son outros argumentos que inciden na necesidade de concretar esta continuidade do servizo”.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como se expuxo no fundamento xurídico II, non é posible formalizar o novo contrato na data prevista, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que a atrasen e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que suporía o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, necesítase buscar unha solución.

O artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionando o cumprimento de determinados requisitos. Dispón este artigo que “cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario”.

Este artigo resulta de aplicación o caso que nos ocupa en virtude do disposto no artigo 34.1 do RD-L 8/2020, que determina con respecto á prórroga que *“en aquellos contratos públicos de servicios y de suministros de prestación sucesiva, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación como consecuencia de la paralización de los procedimientos de contratación derivada de lo dispuesto en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, y no pudiera formalizarse el correspondiente nuevo contrato, podrá aplicarse lo previsto en el último párrafo del artículo 29.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, con independencia de la fecha de publicación de la licitación de dicho nuevo expediente”*.

Así, o citado artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións, condicionado á concorrencia dos seguintes requisitos:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

O artigo 34.1 do RD permite excepcionar a concorrencia deste último requisito por mor da declaración do estado de alarma e a suspensión dos prazos administrativos o día 14 de marzo de 2020.

Neste caso publicouse o anuncio de información previa deste contrato no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de febreiro de 2020.

Vamos a analizar a continuación a concorrencia no caso que nos ocupa dos requisitos esixidos:

- 1.- A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.



Concello de Vigo

Compre dicir ó respecto que o novo contrato figuraba planificado no plan anual de contratación do Concello de Vigo aprobado por acordo da XGL de 27 de decembro de 2019, que o 19 de xaneiro de 2020 iniciouse a tramitación do expediente de contratación, e que en data 10 de marzo 2020 incorporouse o prego de cláusulas administrativas particulares, completándose así o expediente. En consecuencia podemos afirmar que este constaba de toda a documentación esixida polo artigo 117 LCSP antes da declaración do estado de alarma. E non esquezamos que á declaración do estado de alarma é un acontecemento imprevisible para o órgano de contratación. Tratase dunha situación absolutamente excepcional que ningún xestor público dilixente puido imaxinar que acontecese.

A tramitación do novo contrato foi iniciada por orde do concelleiro delegado de Educación e Xuventude 15 de xaneiro de 2020 (expediente 23977-332). A tramitación deste novo expediente veuse interrompida polos efectos da pandemia da Covid-19 e as medidas asociadas ao estado de alarma decretado polo RD 463/2020, de 14 de marzo de 2020, que na súa Disposición adicional 3ª, estableceu a suspensión dos prazos de todos os expedientes administrativos.

De feito tal e como indica o servizo xestor “Durante a tramitación “ordinaria” do expediente redactáronse en prazo os pregos correspondentes: o 17/02/2020 o PPT, o 03/03/2020 a Memoria xustificativa, e o 14/04/2020 o PCAP. O parón provocado polas circunstancias descritas, a adaptación ao novo xeito de traballo non presencial, as dúbidas xurdidas, as modificacións que con posterioridade houbo que introducir na Memoria Xustificativa e no PCAP, entre outras razóns, conlevaron unha demora na aprobación do expediente de contratación, de xeito que ésta non se produciu ata a sesión da XGL de data 17/07/2020.”.

No presente caso atopámonos nunha situación extraordinaria motivada pola declaración do estado de alarma polo RD 463/2020 para a cal os poderes legislativo e executivo ditaron unha normativa específica de aplicación preferente ós supostos de feito regulados pola mesma. Así o determina a Avogacía Xeral do Estado, na “Consulta sobre la interpretación y aplicación del artículo 34 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo”, de data 1 de abril de 2020. No apartado 2.6 do fundamento xurídico II di:

“2.6. Posibilidad de aplicar el artículo 29.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP). El penúltimo párrafo del artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020 se refiere a la posible aplicación del artículo 29.4 la LCSP. Este Centro Directivo ya ha dictaminado que dicho precepto puede aplicarse, durante el estado de alarma, a todos los contratos del sector público que se encuentren vigentes, incluidos los adjudicados bajo la vigencia del TRLCSP:

“Esta suspensión automática de los procedimientos de contratación en curso, derivada de la declaración del estado de alarma, puede comprometer la continuidad de la prestación de numerosos servicios o suministros. De ahí que el artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020, en su penúltimo párrafo, disponga que en los contratos públicos de servicios y de suministros de prestación sucesiva, cuando a su vencimiento no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantiza la continuidad de la prestación como consecuencia de la paralización de los procedimientos de contratación prevista en el Real Decreto 463/2020, y no pudiera formalizarse el nuevo contrato, podrá aplicarse lo previsto en el último párrafo del artículo 29.4 de la

LCSP, y ello con independencia de la fecha de publicación de la licitación de dicho nuevo expediente. Se flexibiliza, como se ha indicado, el régimen sustantivo del artículo 29.4 de la LCSP, en atención a las circunstancias excepcionales derivadas del estado de alarma.

Dado que se trata de una norma excepcional, dictada para hacer frente a una situación que también lo es, y teniendo en cuenta que los perjuicios que se pretenden evitar son independientes de la fecha de adjudicación de los contratos vigentes y de la concreta normativa por la que éstos se rijan (TRLCSP o LCSP), ha de entenderse que el artículo 29.4, en los términos previstos en el penúltimo párrafo del artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020, resulta aplicable a todos los contratos de servicios o suministros de prestación sucesiva que se encuentren en vigor en la fecha de entrada en vigor del Real Decreto 463/2020, incluidos los que se adjudicaran bajo la vigencia del TRLCSP.”

2.- Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

Con relación ó segundo requisito, a existencia de motivos de interese público que esixan a continuidade do servizo, informa o servizo xestor a necesidade de continuar co contrato por canto xa está convocado o curso 2020-2021 da escola e aberto o prazo de matrícula. Resulta de interese para o Concello a promoción e desenvolvemento de actividades de formación en ámbitos artísticos con carácter afeccionado, á marxe da formación regrada, no marco da programación de actividades culturais para a cidadanía, polo que se precisa continuar prestando o servizo. Neste senso a lei impón ós municipios a obriga de exercer competencias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais (artigos 25.2.m da LBRL e 80.2.n da LALGA).

Á vista do exposto, a xuízo da informante, procede ampliar o prazo contractual consonte o disposto no artigo 29.4 da LCSP en relación co artigo 34.1 do RD-L 8/2020, condicionado ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo e garantir a continuidade na prestación do mesmo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.



Concello de Vigo

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima que como período máximo de continuidade do servizo sería de dous meses.

Para facer fronte os gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que:

“O soporte económico para afrontar os custos desta prórroga terá que ser detraído do RC 42652 (operación contable realizada no expte 23979-332, do novo contrato, en trámite), estimándose unha contía necesaria equivalente a dúas mensualidades (12.119,64 euros/mes x 2 meses = 24.239,28 euros), como período estimado no que podería, como máximo, demorarse a resolución do novo contrato. No seguinte cadro, indícanse os datos básicos a efectos dos cambios contables que se preveen:

Expte	Data aprobación gasto	Gasto retido para 2020	Nº RC	Gasto a minorar período 02/09-01/11/20
23979-332	XGL 17/07/20	54.719,00 €	42652	24.239,28 €

No seu momento, e para a anualidade de 2024, haberá que modificar, pois, o gasto previsto para a execución do contrato”.

-VI-

Respecto do principio de libre concorrência

A adopción do acordo de continuidade do servizo non prexudica o principio de libre concorrência recollido no artigo 1 da LCSP e do TRLCSP por canto a continuidade limitarase ó tempo estritamente imprescindible para a formalización do novo contrato, o cal xa se atopa en fase de licitación, xa foron presentadas as ofertas e esta en fase de valoración da oferta técnica.

Se ben por seguridade xurídica se prevén dos meses, se o contrato se formaliza antes quedará sen efecto o presente acordo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- A continuidade da prestación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de Danza de Vigo (expediente 17499-332) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato (expediente 23979-332) e de acordo coa previsión de prazos recollida no informe do técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación, en ausencia da xefa do servizo de Educación, de 27 de agosto de 2020.

2º.- Anular parcialmente o gasto autorizado pola Xunta de Goberno local na sesión do 17 de xullo de 2020 para o ano 2020, RC nº 42652, para o expediente 23979-332 de acordo cos seguintes importes:

Gasto aprobado para 2020	54.719,00 €
Gasto a minorar no período entre o 2 de setembro e o 1 de novembro de 2020	24.239,28 €

3º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 17499-332, para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 2 de setembro ata o 2 de novembro de 2020 polo importe máximo de 24.239,28 euros.

4º.- Reaxustar as anualidades de gasto”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(687).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO”, DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”. EXPTE. 8535/335.

Visto o informe de fiscalización de data 28/08/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data 28/08/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola secretaria de Admon. Municipal, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das actuacións artísticas de de “Aphonic, Soul Jacket, Cuarteto Caramuxo, Son Trio ” dentro do programa Vigo en Festas 2020 (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar a urxencia do presente expediente.

Segundo:Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente do contrato das **actuacións artísticas de “APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO ” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020** no formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

Terceiro Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 20 de agosto de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 20 de agosto de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do contrato para as actuacións **“APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO ” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020**

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 21.707,40 € , e sendo o valor estimado do contrato de 17.940,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- O 24 de agosto de 2020 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SIN SAL AUDIO SL concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 26 de agosto de 2020 SIN SAL AUDIO SL , presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 27 de agosto de 2020, reúnense a Secretaria de Administración Local coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación), na oficina de Contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, ábrese o “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL”, que contén a seguinte documentación:

1. Documento Europeo Único de Contratación (DEUC).
2. Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira.
3. Documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional: certificados de boa execución por importe superior ao do prezo do contrato.
4. DNI do representante.
5. Acreditación dos dereitos exclusivos de **“APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO”**.
6. Anexo IV do PCAP.
7. Anexo II “declaración responsable”
8. Certificado de estar ao corrente coa Xunta de Galicia

Comprobarase polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social e AEAT.

Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a SINSAL AUDIO, S.L

A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” co seguinte resultado:

- Propón como prezo do contrato 19.360 euros., sendo o importe correspondente ao IVE de 3.360 euros.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, o xefe do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SINSAL AUDIO SL como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 27 de agosto de 2020 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SINSAL AUDIO SL . o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das actuacións de **Aphonic, Soul Jacket, Cuarteto Caramuxo, Son Trio** ” dentro do programa Vigo en Festas 2020 (8535-335) por un prezo total de 19.360 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 3.360 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión sendo as quince horas. Como secretaria dou fe.

SGF/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez